



Ordenanza de Tesourería e Recadación dos Tributos e outros ingresos de dereito público

Exposición de motivos

A xestión recadatoria dos tributos e recursos de dereito público do Concello de Marín, pretende establecer procedementos mais eficaces e áxiles, e mellorar a relación cos contribuíntes que cumpren coas súas obrigacións tributarias e confían na xestión municipal ao domiciliar o pagamento dos seus tributos.

Para conseguir este obxectivo, o Concello de Marín utiliza a súa capacidade normativa no ámbito da xestión tributaria, recoñecida no artigo 15.3 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, para regular mediante unha Ordenanza de Recadación:

- 1.- O Calendario Fiscal có pagamento voluntario das débedas tributarias municipais de notificación colectiva e periódica, a fin de proporcionar aos cidadáns unha maior seguridade xurídica para afrontar os pagamentos dos tributos.
- 2.- O sistema de cobro dos tributos, coa posibilidade de abonar as débedas en calquera Entidade Colaboradora.
- 3.- O interese municipal de que os cidadáns domicilien o pagamento dos seus tributos de vencemento periódico, é o fundamento e obxectivo razoable das medidas adoptadas para o seu fomento.

Como medida innovadora, e coa regulación contida nas diferentes ordenanzas fiscais reguladoras dos tributos e taxas, e ante a axilización que na xestión tributaria e na recadatoria supón o contar cun índice elevado de domiciliacións, se regulan a favor dos obrigados ao pagamento coa orde de domiciliación, a aplicación dunha bonificación do 5% da cota a pagar para aqueles suxeitos pasivos que domicilien as súas débedas de vencemento periódico nunha entidade financeira.

Por outra banda, no capítulo II, referido á Tesourería, régúlanse, entre outros, as funcións do tesoureiro, a posibilidade de subscribir convenios con entidades de crédito para abrir contas operativas, restrinxidas ou de excedentes, así como para concertar servizos como entidade colaboradora na recadación, etc.

PREÁMBULO

Artigo 1º.- Obxecto.

O obxecto da Ordenanza, é exercer a potestade regulamentaria recoñecida na Lei reguladora das bases de réxime local, 7/85, de 2 de abril.



Concello de Marín Ayuntamiento de Marín

Artigo 2º.- Réxime Legal.

A xestión recadatoria rexerase por:

- 1.- A Lei xeral tributaria 58/2003, de 17 de Decembro.
- 2.- O Regulamento xeral de recadación, RD 939/2005, de 29 de xullo.
- 3.- A Ordenanza municipal de tesourería e recadación do Concello de Marín.

CAPÍTULO I. RECADACIÓN

Artigo 3º.- Padróns fiscais.

1. Os padróns fiscais de cada tributo serán aprobados por resolución da alcaldía e se expoñerán ao público anualmente, mediante a súa publicación no BOP e no taboleiro de anuncios do Concello, durante un período de quince días e con anterioridade ao inicio dos períodos de cobro.

2. Contra os Padróns Fiscais se poderá interpor ante a Alcaldía o recurso de reposición, durante o prazo dun mes contado desde a fecha de finalización do período de exposición pública.

Artigo 4º.- Calendario fiscal.

1. Os períodos de pagamento voluntario dos tributos e prezos públicos municipais de vencemento periódico e notificación colectiva son:

Impostos	Período voluntario de pago	
	Data de comezo	Data de finalización
Imposto sobre vehículos de tracción mecánica	1 de febreiro	5 de abril
Imposto sobre bens inmoables	1 de setembro	5 de novembro
Imposto sobre actividades económicas	1 de setembro	5 de novembro

Taxas	Período voluntario de pago	
	Data de comezo	Data de finalización
Taxa por servizos de mercado	1 de cada mes	25 de cada mes
Taxa por ocupación da vía pública con quioscos, venta ambulante, mesas e cadeiras. Pago único	1 de xaneiro	5 de marzo
Taxa por ocupación da vía pública con quioscos, venta ambulante, mesas e cadeiras. Pago fraccionado: 1ª fracción	1 de xaneiro	5 de marzo
Taxa por ocupación da vía pública con quioscos, venta ambulante, mesas e cadeiras. Pago fraccionado: 2ª fracción	1 de abril	5 de xuño
Taxa por ocupación da vía pública con quioscos, venta ambulante, mesas e cadeiras. Pago fraccionado: 3ª fracción	1 de xullo	5 de setembro



Concello de Marín Ayuntamiento de Marín

Taxa por ocupación da vía pública con quioscos, venta ambulante, mesas e cadeiras. Pago fraccionado: 4ª fracción	1 de outubro	5 de decembro
Taxa por ocupación da vía pública con reservas para aparcamento exclusivo	1 de febreiro	5 de abril
Taxa por subministro de auga potable, servizo de sumidoiros e recollida de lixo 1º trimestre	1 de abril	5 de xuño
Taxa por subministro de auga potable, servizo de sumidoiros e recollida de lixo 2º trimestre	1 de xullo	5 de setembro
Taxa por subministro de auga potable, servizo de sumidoiros e recollida de lixo 3º trimestre	1 de outubro	5 de decembro
Taxa por subministro de auga potable, servizo de sumidoiros e recollida de lixo 4º trimestre	1 de xaneiro	5 de marzo
Taxa por ocupación da vía pública con caixeiros automáticos	1 de setembro	5 de decembro

Prezo público	Período voluntario de pago	
	Data de comezo	Data de finalización
Prezo público por escola de música 1º trimestre	1 de outubro	5 de decembro
Prezo público por escola de música 2º trimestre	1 de xaneiro	5 de marzo
Prezo público por escola de música 3º trimestre	1 de abril	5 de xuño

2. O calendario fiscal farase público no mes de xaneiro de cada exercicio mediante a súa publicación no taboleiro de edictos municipal, no boletín oficial da provincia de Pontevedra e nun diario dos de maior difusión da provincia.

3. O calendario fiscal poderá ser modificado de forma excepcional, para un concepto tributario e un exercicio, mediante Resolución da Alcaldía debidamente motivada. Esta modificación farase pública mediante a publicación dun anuncio no taboleiro de edictos municipal, no boletín oficial da provincia de Pontevedra e nun diario dos de maior difusión da provincia.

Artigo 5º.- Forma e lugar de pagamento.

A recadación dos tributos e ingresos de dereito público municipais se realizará:

1. Os recibos tributarios de vencemento periódico e notificación colectiva e as liquidacións dos tributos e prezos públicos:

- En pagamento voluntario, mediante a orde de domiciliación ou nas oficinas das Entidades Colaboradoras.
- En período executivo, nas oficinas das Entidades Colaboradoras e no Servizo de Recadación Municipal .

2. As resolucións de recursos urbanísticos, obrigacións contractuais, sancións administrativas e demais non recollidas no apartado anterior, nas oficinas das Entidades Colaboradoras e no Servizo de Recadación Municipal , ou no seu caso, no lugar sinalado na notificación da resolución.



Concello de Marín Ayuntamiento de Marín

3. O pago que deba realizarse en efectivo farase sempre en diñeiro de curso legal. Non serán admitidos pagos no servizo de recadación municipal que excedan en máis de cincuenta moedas de cada clase, nestes casos haberase de efectuar o pago a través de entidades colaboradora ou orde de domiciliación.

Artigo 6º.- Domiciliación específica para un tributo.

1. Os suxeitos pasivos poderán domiciliar o pagamento dos seus tributos, prezos públicos e obrigacións contractuais en calquera Entidade Financeira.

2. A domiciliación poderá estenderse a un, a varios ou a todos os tributos de vencemento periódico e notificación colectiva dos obrigados ao pagamento.

3. Os recibos domiciliados poderán gozar dunha bonificación de ata o 5% da cota, nos casos e condicións que especificamente se determinen en cada unha das ordenanzas fiscais reguladoras de cada tributo .

4. Se poderá solicitar a domiciliación, en período voluntario, nas entidades bancarias colaboradoras ou nas oficinas do Servizo Municipal de Recadación. Non son susceptibles de domiciliación as liquidacións correspondentes á alta nos padróns, rexistros ou matrículas correspondentes.

5. A comunicación ao órgano recadatorio da domiciliación deberá presentarse ao menos con dous meses de antelación ao comezo do período recadatorio. Noutro caso surtirán efecto a partir do período seguinte

CAPÍTULO II. APRAZAMENTOS E FRACCIONAMENTOS

Artigo 7.- Aprazamentos e fraccionamentos do pagamento das débedas.

1. Poderá aprazarse ou fraccionarse o pagamento da débeda tributaria e a derivada doutros ingresos de dereito público de natureza non tributaria, que se atopen tanto en período voluntario como executivo, previa solicitude dos obrigados ao pago cando a súa situación económica, apreciada pola Administración en base á documentación e alegacións que se presenten, lles impida transitoriamente facer fronte ao pago, nos termos previstos nos artigos 65 e 82 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, nos artigos 44 a 54 do Regulamento Xeral de Recadación, e na presente ordenanza.

2. Non poderán fraccionarse e/ou aprazarse as débedas:

- De contía inferior a 60,00, salvo situacións excepcionais.
- As que se exaccionan por medio de efectos timbrados.
- As suspendidas, por iniciativa de parte, cando recaera sentenza firme en contra.
- As de multas de tráfico namentres se lles poda aplicar as reducións por pronto pago marcadas polas leis.

3. Os criterios xerais para a concesión de aprazamentos e fraccionamentos son os seguintes:



Concello de Marín Ayuntamiento de Marín

- As débedas de entre 60,00 e 300,00 euros poderán aprazarse ou fraccionarse ata un máximo de seis meses ou seis mensualidades.
- As débedas de entre 300,01 e 900,00 euros poderán aprazarse ou fraccionarse ata un máximo de doce meses ou doce mensualidades.
- As débedas de importe superior a 900,00 euros poderán aprazarse ou fraccionarse ata un máximo de dezaoto meses ou dezaoto mensualidades.

Os prazos máximos establecidos para os aprazamentos e/ou fraccionamentos poderán ser ampliados mediante Resolución debidamente motivada da Alcaldía-Presidencia ou da Concellería en quen delegue.

Artigo 8.- Solicitudes de aprazamento e fraccionamento.

1. O obrigado tributario deberá xustificar a falta transitoria de liquidez, así como a capacidade para xerar recursos para facer fronte ao pago da débeda nos prazos solicitados, circunstancias que serán discrecionalmente apreciadas pola administración municipal.

2. A solicitude de aprazamento e/ou fraccionamento conterà, necesariamente, os seguintes datos:

- a) Nome e apelidos, razón social ou denominación, número de identificación fiscal e domicilio fiscal do solicitante e, se é o caso, da persoa que o represente. Así mesmo, identificarase o medio preferente e o lugar sinalado para os efectos de notificación.
- b) Identificación da débeda para a que se solicita aprazamento e/ou fraccionamento, indicando cando menos o seu importe e concepto.
- c) Causas que motivan a solicitude de aprazamento e/ou fraccionamento.
- d) Compromiso expreso e irrevogable da entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca de formalizar aval solidario ou certificado de seguro de caución, agás cando conorra algunha das excepcións previstas nos artigos seguintes.
- e) Cando se solicite a dispensa total ou parcial da garantía será preciso acompañar un plan de viabilidade, así como calquera outra información que xustifique a posibilidade de cumprir o aprazamento ou fraccionamento solicitado.
- f) Prazos e demais condicións do aprazamento e/ou fraccionamento que se solicita.
- g) Lugar, data e sinatura do solicitante.

3.- A concesión do aprazamento ou fraccionamento outorgarase de forma automática para débedas de contía inferior a 300,01 euros, substituíndose a presentación de documentos xustificativos por unha declaración responsable da existencia de dificultades económico - financeiras que impidan de forma transitoria efectuar o pago no prazo establecido.

4. Para xustificar a falta transitoria de liquidez, con carácter xeral, o solicitante deberá achegar.

4.1.- Para débedas de importe superior a 300,00 euros e ata 900,00 euros:

- a) Cando se trate de persoas físicas.



Concello de Marín Ayuntamiento de Marín

- Copia da última declaración da renda presentada. No suposto de contribuíntes que non estean obrigados a presentar declaración, a acreditación dos ingresos percibidos realizarase mediante o certificado de retencións expedido polos pagadores dos distintos rendementos obtidos. Non será precisa a achega desta documentación cando o contribuínte autorice aos servizos de recadación do Concello de Marín para consultar a información que sobre os seus ingresos conste na Axencia Estatal da Administración Tributaria.

b) Cando se trate de persoas xurídicas.

- Copia da última declaración do imposto de sociedades. Non será precisa a achega da declaración do imposto de sociedades cando o contribuínte autorice aos servizos de recadación do Concello de Marín para consultar a información que sobre os seus ingresos conste na Axencia Estatal da Administración Tributaria.

4.2.- Para débedas de importe superior a 900,00 euros:

Ademais do anterior, os solicitantes deberán achegar certificación ou documento equivalente expedido pola entidade bancaria dos saldos de todas as contas correntes e de valores de titularidade do/a debedor/a abertas en entidades financeiras á data da solicitude, así como do saldo medio do semestre inmediatamente anterior ao da solicitude. Cando se trate de persoas físicas, o documento expedido pola entidade bancaria pode ser substituído por fotocopia das libretas de aforro das que sexa titular o debedor. Tamén se admitirá, a estes efectos, declaración responsable na que se faga constar a inexistencia de fondos ou outros activos líquidos ou realizables no curto prazo, que lle permitan facer fronte ao pago da débeda.

5. Non se admitirá a solicitude respecto de débedas que se atopen en período executivo en calquera momento posterior á notificación do acto administrativo polo que se acorde o alleamento dos bens embargados.

Artigo 9.- Garantías en aprazamentos e fraccionamentos.

1. Con carácter xeral o solicitante deberá ofrecer garantía en forma de aval solidario de entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca ou certificado de seguro de caución, cuxa vixencia deberá exceder ao menos en seis meses ao vencemento do prazo ou prazos garantidos.

2. Cando se xustifique que non é posible obter o aval solidario de entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca ou certificado de seguro de caución, ou que a súa aportación compromete gravemente a viabilidade económica do obrigado ao pago, a administración poderá obter outras garantías que se estimen suficientes.

3. Cando se solicite a admisión de garantía que non consista en aval de entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca ou certificado de seguro de caución achegarase xunto á solicitude de aprazamento ou fraccionamento a seguinte documentación:

- a) Declaración responsable e informe xustificativo da imposibilidade de obter dito aval ou certificado de seguro de caución, no que consten as xestións efectuadas ao respecto,



Concello de Marín Ayuntamiento de Marín

debidamente documentadas. Neste sentido, a imposibilidade de obter dito aval ou certificado de seguro de caución deberá acreditarse coa negativa de ao menos dúas entidades financeiras ou aseguradoras.

b) Valoración dos bens ofrecidos en garantía efectuada por empresas ou profesionais especializados e independentes. Cando exista un rexistro de empresas ou profesionais especializados na valoración dun determinado tipo de bens, a administración poderá esixir que a valoración se efectúe por unha empresa ou profesional inscrito en dito rexistro.

Se a xustificación do solicitante para a achega de garantía distinta de aval non se considerase suficiente, a Administración municipal porao no seu coñecemento, concedéndolle un prazo de 10 días para o cumprimento do disposto no apartado 1, coa advertencia de que se así non o fixese, se propondrá o rexeitamento da solicitude.

4. A garantía cubrirá o importe do principal e dos xuros de mora que xere o aprazamento, máis un 25 % por cento da suma das dúas partidas.

5. A garantía deberá achegarse no prazo dos 30 días seguintes ao de notificación do acordo de concesión, acordo que estará condicionado á súa presentación. Este prazo poderá ampliarse cando se xustifique a existencia de motivos que impidan a súa formalización no prazo indicado. Transcorrido o prazo sen prestar garantía, quedará sen efecto o acordo de concesión de aprazamento ou fraccionamento.

6. Cando se tivera realizado anotación preventiva de embargo en rexistro público de bens de valor suficiente, considerarase garantida a débeda e non será necesario aportar nova garantía.

7. Tratándose de fraccionamentos, poderán achegarse garantías parciais para cada un dos prazos. Neste caso, cada garantía cubrirá a fracción correspondente, os xuros de mora e o 25 por cento de ambas partidas.

8. Cando a petición de aprazamento ou fraccionamento se formule sobre débedas que se atopen en período executivo, o incumprimento dun aprazamento ou fraccionamento nos 12 meses anteriores (contados dende a data de incumprimento) determina a esixencia inescusable de presentar garantía, independentemente da contía a aprazar ou fraccionar.

9. As garantías serán liberadas unha vez comprobado o pagamento total da débeda incluídos, de ser o caso, os xuros producidos. Cada garantía parcial poderá liberarse cando se satisfaga a débeda que garante.

10. A suficiencia económica e xurídica das garantías será apreciada pola Tesourería municipal. Cando a dita apreciación presente especial complexidade, poderase solicitar informe dos servizos xurídicos ou técnicos.

Artigo 10.- Dispensa de garantías.

1. Excepcionalmente poderase dispensar total ou parcialmente por resolución da Alcaldía-Presidencia, ou do órgano en quen delegue, da prestación das garantías esixibles cando o obrigado ao pago careza dos bens suficientes para garantir a débeda e a execución do seu



Concello de Marín Ayuntamiento de Marín

patrimonio puidese afectar ao mantemento da capacidade produtiva e do nivel de emprego da actividade económica respectiva, ou ben puidese producir graves quebrantos para os intereses da facenda local, así como nos casos de verdadeira necesidade, previo informe dos servizos sociais.

2. Non se esixirá garantía cando o solicitante sexa unha administración pública.

3. Non se esixirá garantía cando o importe das débedas para as que se solicita aprazamento ou fraccionamento sexa inferior a 10.000,00 euros e se atopen tanto en período voluntario como en período executivo de pago, sen prexuízo do mantemento, neste último caso, das trabas existentes sobre bens e dereitos do debedor no momento da presentación da solicitude.

A efectos da determinación da contía sinalada acumularanse no momento da solicitude, tanto as débedas a que se refire a propia solicitude como calesquera outras do mesmo debedor para as que se solicitara e non resolto o aprazamento ou fraccionamento, así como o importe dos vencementos pendentes de ingreso das débedas aprazadas ou fraccionadas, salvo que estean debidamente garantidas.

4. Concedido o aprazamento con dispensa de garantía, o beneficiario quedará obrigado durante o período a que aquel se estenda a comunicar á administración municipal calquera variación económica ou patrimonial que permita garantir a débeda. En tal caso, ou cando a administración municipal coñeza de oficio a modificación de tales circunstancias, procederase a constituír a garantía.

En particular, se durante a vixencia do aprazamento se repartiran beneficios, constituirase a correspondente garantía para o pagamento das obrigas pendentes coa facenda local.

Artigo 11.- Tramitación.

1. A presentación dunha solicitude de aprazamento ou fraccionamento en período voluntario impedirá o inicio do período executivo durante a tramitación de ditos expedientes.

2. Presentada a solicitude de aprazamento ou fraccionamento, se se apreciase algún defecto na mesma ou na documentación aportada, concederase ao interesado un prazo de 10 días para a subsanación, co apercibimento de que se así non o fixera procederese, sen máis trámite, ao arquivo da solicitude, que se terá por non presentada, coa conseguinte continuación do procedemento recadatorio.

3. Durante a tramitación da solicitude o debedor deberá efectuar o pago do prazo, fracción ou fraccións propostos naquela, podendo, no caso contrario, denegarse a solicitude por concorrer dificultades económico-financeiras de carácter estrutural.

4. Non se concederán aprazamentos nin fraccionamentos en período voluntario cando o solicitante teña débedas en vía de apremio por outros expedientes da mesma natureza.

5. Se durante a tramitación o solicitante realizase o ingreso da débeda, entenderase que renuncia a súa petición, e arquivarase sen máis o expediente.



Artigo 12. Resolución do aprazamento ou fraccionamento.

1. O órgano competente para resolver as solicitudes de aprazamento e fraccionamento é a Alcaldía, quen poderá delegar esta competencia na Concellería de Facenda.
2. As resolucións que concedan aprazamentos ou fraccionamentos especificarán os prazos de pago e demais condicións. A resolución poderá sinalar prazos e condicións distintos dos solicitados, cando os prazos establecidos na solicitude non cumpran cos límites contidos no artigo 7.3 e no apartado seguinte deste artigo.
3. O fraccionamento concederase, de ser o caso, por un período máximo de 18 meses en prazos que poderán ser mensuais ou bimensuais. En caso de aprazamentos o prazo tampouco excederá dos 18 meses citados. Se se solicita aprazamento e fraccionamento o prazo total para a extinción da débeda non poderá exceder de 18 meses.
4. Unicamente en casos excepcionais debidamente xustificados poderán concederse aprazamentos ou fraccionamentos con prazos superiores aos indicados no apartado anterior.
5. O vencemento dos prazos deberá coincidir cos días 5 ou 20 do mes.
6. Os ingresos correspondentes a aprazamentos e/ou fraccionamentos efectuaranse a través de domiciliación bancaria.
7. A resolución pola que se conceda o aprazamento ou fraccionamento, notificarase ao solicitante advertíndolle dos efectos que se producirán de non constituírse a garantía ou en caso de falta de pagamento. A devandita notificación incorporará o cálculo dos xuros de mora asociados a cada un dos prazos de ingreso concedidos.

No caso de autoliquidacións presentadas en prazo xunto coa solicitude de aprazamento ou fraccionamento, o acordo de concesión aprobará a liquidación que corresponda se da comprobación da autoliquidación presentada resultase unha cantidade a pagar distinta á consignada na autoliquidación. Así mesmo, deberá prevenir que a suma a garantir será a da totalidade do importe liquidado e advertirse dos efectos de non formalizar a correspondente garantía e non ingresar en prazo a liquidación. Se se trata de autoliquidacións extemporáneas sen requirimento previo, ademais do anterior, conterà a liquidación dos recargos e xuros que procedan.

8. Se a resolución fose denegatoria as consecuencias serán as seguintes:

- a) Se a solicitude foi presentada en período voluntario, coa notificación do acordo denegatorio iníciase o período de ingreso regulado no artigo 62.2 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, coa advertencia de que de non producirse o ingreso no devandito prazo, comezará o período executivo e o procedemento de constrinximento.

De realizarse o ingreso en dito prazo procederá a liquidación dos xuros de mora devengados a partir do día seguinte ao do vencemento do prazo de ingreso en período voluntario ata a data do ingreso realizado durante o prazo aberto coa notificación da denegación. De non realizarse o ingreso, os xuros liquidaranse ata a data de



Concello de Marín Ayuntamiento de Marín

vencemento do devandito prazo, sen prexuízo dos que poidan devengarse con posterioridade, conforme ao disposto no artigo 26 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

No caso de autoliquidacións presentadas o período voluntario de ingreso xunto coa solicitude de aprazamento ou fraccionamento, a resolución denegatoria conterà, así mesmo, a aprobación da liquidación correspondente cos xuros devengados dende a finalización do período voluntario de ingreso. Tratándose de autoliquidacións extemporáneas sen requirimento previo, a resolución denegatoria aprobará a liquidación que corresponda xunto cos xuros devengados dende o día seguinte ao da presentación da autoliquidación extemporánea.

b) Se a solicitude foi presentada en período executivo de ingreso, deberá iniciarse ou continuar, no seu caso, o procedemento de constrinximento.

9. A resolución deberá adoptarse no prazo de seis meses a contar dende o día en que a solicitude de aprazamento tivo entrada no rexistro xeral do Concello de Marín. Transcorrido o dito prazo sen que recaia resolución, os interesados poderán considerar desestimada a solicitude para deducir fronte á denegación presunta o correspondente recurso ou esperar resolución expresa.

Artigo 13.- Cálculo de xuros.

1. No caso de concesión de aprazamento, calcularanse xuros de mora sobre a débeda aprazada polo tempo comprendido entre o día seguinte ao do vencemento do prazo de ingreso en período voluntario e a data do vencemento do prazo concedido.

Se o aprazamento fora solicitado en período executivo, a base para o cálculo de xuros non incluírá o recargo do período executivo. Os xuros devengados deberán ingresarse xunto coa débeda aprazada.

2. En caso de concesión de fraccionamento, calcularanse xuros de mora por cada débeda fraccionada.

Se o fraccionamento foi solicitado en período executivo, a base para o cálculo de xuros non incluírá o recargo do período executivo.

Por cada fracción de débeda computaranse os xuros producidos dende o día seguinte ao do vencemento do prazo de ingreso en período voluntario ata a data do vencemento do prazo concedido. Os xuros producidos por cada fracción deberán pagarse xunto con dita fracción no prazo correspondente.

3. Non se esixirán xuros de demora nos aprazamentos ou fraccionamentos solicitados en período voluntario de pago, relativos a débedas de vencemento periódico e notificación colectiva cuxo pago total se produza no mesmo exercicio que o do seu devengo.

Artigo 14.- Efectos da falta de pago.



Concello de Marín Ayuntamiento de Marín

1. Nos aprazamentos, se chegado o vencemento do prazo concedido non se efectuou o pagamento, procederase da seguinte maneira:

a) Se o aprazamento foi solicitado en período voluntario, esixirase pola vía de constrinximento a débeda aprazada e os xuros producidos, co recargo correspondente. De non efectuarse o pagamento, procederase a executar a garantía para satisfacer as cantidades antes citadas. En caso de inexistencia ou insuficiencia desta, seguirase o procedemento de constrinximento para a realización do débito pendente.

b) Se o aprazamento foi solicitado en período executivo, procederase a executar a garantía e en caso de inexistencia ou insuficiencia desta, proseguirase o procedemento de constrinximento.

2. Nos fraccionamentos de pagamento concedidos, se chegado o vencemento dun calquera dos prazos non se efectuase o pagamento, procederase como segue:

a) Se o fraccionamento foi solicitado en período voluntario, pola fracción non pagada e os seus xuros, expedirase providencia de constrinximento para a súa exacción pola vía de constrinximento correspondente. De non pagarse a dita certificación nos prazos establecidos para o ingreso en período executivo, consideraranse vencidas as fraccións pendentes, que se esixirán polo procedemento de constrinximento, con execución da garantía e demais medios de execución forzosa.

b) Se o fraccionamento foi solicitado en período executivo, proseguirá o procedemento de constrinximento para a exacción da totalidade da débeda fraccionada pendente de pagamento. Se existise garantía, procederase en primeiro lugar á súa execución.

c) Cando, como consecuencia do anterior se produza o vencemento anticipado das fraccións pendentes, os xuros correspondentes a elas, previamente calculados sobre os prazos concedidos, serán anulados e liquidaranse nos casos e forma establecidos ao respecto para o xuro de mora propio do período executivo.

3. Nos fraccionamentos de pagamento en que se constituísen garantías parciais e independentes por cada un dos prazos, procederase como segue:

a) Cando o fraccionamento fora solicitado en período voluntario, o incumprimento do pagamento dunha fracción determinará a esixencia pola vía de constrinximento exclusivamente da dita fracción e dos seus xuros de mora, co correspondente recargo de constrinximento, procedéndose a executar a respectiva garantía.

b) Cando o fraccionamento fose solicitado en período executivo, procederase á inmediata execución da garantía correspondente á fracción impagada e dos xuros de mora producidos.

c) Nos dous casos, o resto do fraccionamento subsistirá nos termos en que se concedeu.

4. En caso de executar a garantía, o importe líquido obtido aplicarase ao pagamento da débeda pendente, incluídas costas e xuros de mora. A parte sobrante será posta a disposición do



Concello de Marín Ayuntamiento de Marín

garante ou de quen corresponda, unha vez liquidados e satisfeitos todos os xuros de mora producidos.

Artigo 15. Plan personalizado de pagos.

Poderá realizarse o pago das débedas de vencemento periódico mediante o seu fraccionamento, de conformidade co plan personalizado de pagos que se desenvolve a continuación:

15.1.- Concepto.

Os obrigados ao pago que así o soliciten poderán pagar de forma fraccionada e mediante domiciliación bancaria as débedas polos tributos de vencemento periódico e notificación colectiva devindicadas a 1 de xaneiro do exercicio, sen que lles sexa esixible o pago de xuros de mora nin a prestación de garantías.

Non poderán fraccionarse por este sistema recibos de vencemento trimestral ou mensual, liquidacións de ingreso directo ou autoliquidacións.

A aplicación deste plan personalizado de pago, como réxime especial de fraccionamento para o pago de débedas en período voluntario, determinará que, vixente o plan, os recibos adscritos ao mesmo por cada contribuínte manteranse en período voluntario ata a súa aplicación, total ou parcial segundo o caso, sen que se imputen xuros de demora ao contribuínte unha vez vencido o período voluntario fixado con carácter xeral, todo elo en virtude do disposto no artigo 10 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

15.2.- Tributos acollidos ao plan personalizado de pagos.

Os tributos de vencemento periódico e notificación colectiva que poden ser incluídos no plan de personalizado de pagos son:

- a. Imposto sobre bens inmobles de natureza urbana.
- b. Imposto sobre bens inmobles de natureza rústica.
- c. Imposto sobre bens inmobles de características especiais.
- d. Imposto sobre actividades económicas.
- e. Imposto sobre vehículos de tracción mecánica.
- f. Taxa por ocupación da vía pública con mesas e cadeiras, mercadillo, vado permanente, quioscos.

15.3.- Requisitos.

Poderán acollerse ao plan personalizado de pago aqueles suxeitos pasivos que reúnan os seguintes requisitos:

- a) Non manter co Concello de Marín débedas ou sancións tributarias en período executivo de pago na data de devindicación dos tributos, agás que se trate de débedas ou sancións tributarias que se encontren aprazadas, fraccionadas ou cuxa execución estivese suspendida.



Concello de Marín Ayuntamiento de Marín

- b) O pagamento de todas as cotas mensuais deberá realizarse mediante domiciliación bancaria nunha única conta aberta nunha entidade de crédito de titularidade do solicitante. O pagamento poderá domiciliarse nunha conta que non sexa de titularidade do obrigado tributario, sempre que a persoa titular da devandita conta autorice a domiciliación.
- c) Que a suma do importe total anual da cota tributaria en período voluntario de todos os tributos incluídos no plan de pagos sexa igual ou superior a 200 euros. O devandito importe calcularase tomando como referencia os datos do exercicio anterior, incluídos os beneficios fiscais que lle correspondan.

Nos anos seguintes ao primeiro de aplicación do plan, comprobarase de oficio o cumprimento dos requisitos na data de devindicación dos tributos, non prorrogándose tácitamente o fraccionamento no caso de que se acredite o seu incumprimento.

15.4.- Solicitude.

O interesado en acollerse a este sistema de pago deberá presentar a solicitude no rexistro xeral do Concello de Marín, no rexistro electrónico a través de técnicas de telecomunicación ou telemáticas, así como nos lugares sinalados no art. 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

A solicitude poderá ser presentada ata o día 15 de xaneiro, ou inmediato hábil posterior, do exercicio para o que se solicite a inclusión no plan personalizado de pagos. No suposto de que a solicitude se presente despois da data establecida, a concesión terá efectos tributarios no exercicio seguinte.

A solicitude deberá realizarse no modelo que a tal efecto se facilite, onde deberán constar, entre outros datos, a identificación de cada un dos tributos que se desexa fraccionar e o número da conta onde se quere domiciliar o pago.

5.- O fraccionamento entenderase automaticamente concedido dende o mesmo día da solicitude, sempre que se cumpran todos os requisitos establecidos no punto terceiro.

De non cumprirse os requisitos establecidos o Concello comunicará a denegación ou a exclusión deste sistema especial de pago ao obrigado ao pago.

A solicitude de alta producirá os seus efectos por tempo indefinido, prorrogándose tacitamente agás que o interesado solicite por escrito a baixa, sexa rexeitada algunha das cotas pola entidade de crédito, ou se acredite o incumprimento de calquera dos requisitos do punto terceiro.

15.5.- Determinación do importe para a súa distribución en prazos ou fraccións.

O interesado poderá fraccionar a cota anual dos tributos incluídos no plan personalizado de pagos en 9 cotas.

A Administración efectuará unha estimación do importe das cotas que o interesado debe pagar en cada fracción en función dos tributos de cobramento periódico e notificación colectiva dos que fose titular no exercicio anterior e foran incluídos no plan personalizado de pago, sendo as



Concello de Marín Ayuntamiento de Marín

8 primeiras cotas de igual importe, e determinándose a última pola diferenza entre a suma da cota anual a pagar menos o importe das cotas xa pagadas a conta.

Se da liquidación practicada para obter o importe da última cota resultase unha cantidade a favor do contribuínte, procederase a súa devolución de oficio, sen necesidade de que o interesado o solicite.

Cada ano actualizaranse os importes das cotas en función dos datos tributarios do exercicio inmediato anterior.

15.6.- Data de cobro das fraccións.

As fraccións resultantes do plan personalizado de pagos serán cargadas na conta indicada polo interesado o día 20 de cada mes, ou inmediato hábil posterior, sendo realizado o primeiro cargo o día 20 de marzo de cada exercicio.

15.7.- Imputación dos pagos anticipados.

As cantidades anticipadas polos contribuíntes a través deste sistema de pagos imputaranse ás liquidacións asociadas ao plan personalizado de pagos, conforme os seguintes criterios:

- i) En primeiro lugar, atendendo á data de vencemento das débedas, aplicaranse ás de vencemento anterior.
- ii) Ante débedas de igual vencemento, aplicarase primeiro a aquela que figure rexistrada cun número de recibo menor.

A parte das débedas ou o importe íntegro, no seu caso, que restase por pagar, pagarase o día 20 de novembro ou o inmediato hábil posterior, igualmente mediante domiciliación bancaria.

Para obter un certificado de atoparse ao corrente do pagamento de calquera dos tributos acollidos a esta modalidade, será necesario que se producise o pagamento íntegro do devandito tributo de acordo co disposto sobre imputación de pagos.

15.8.- Impago das cotas.

Cando por causas imputables ao obrigado ao pago a débeda non se faga efectiva no seu vencemento, isto é cando non se pague calquera dos prazos, perderase de maneira automática o dereito a beneficiarse deste sistema de pago, pasando a rexerse polo sistema xeral e, polo tanto:

- a) Se o período voluntario de ingreso non tivera finalizado, procederase ao pago íntegro da débeda dentro do período voluntario de ingreso establecido para o tributo ou ingreso de dereito público;
- b) Se o período voluntario de ingreso tivera finalizado, iniciarase a vía de constrinximento pola contía pendente de pago.

No suposto de que a baixa teña lugar ao longo do exercicio, as cotas ingresadas aplicaranse aos recibos conforme ao establecido no apartado anterior.



Concello de Marín Ayuntamiento de Marín

Se unha vez efectuada a aplicación das cotas ingresadas a conta resultasen recibos total ou parcialmente impagados respecto dos que finalizase o período voluntario de ingreso, procederáase ao cobramento do importe pendente polo procedemento administrativo de prema, de acordo co previsto na normativa de recadación.

15.9.- Pago anticipado.

Se o obrigado ao pago decidira adiantar o pago de calquera das fracciónes á data de vencemento sinalada, deberá abonar o importe total dos recibos incluídos no plan. Para elo terá que dirixirse ao departamento de recadación que lle entregará o documento de pago sen que isto supoña a perda do sistema para exercicios posteriores, agás que o interesado así o manifeste.

15.10.- Modificacións do plan.

Os interesados no plan personalizado de pagos, mediante petición expresa, poderán solicitar a modificación do plan en vigor no relativo á conta na que estea domiciliado o pago, producindo efectos na vindeira cota, sempre que se solicite antes do día 5 de cada mes ou inmediato hábil seguinte.

Así mesmo, o interesado tamén poderá solicitar a inclusión de novos recibos no plan, petición que deberá efectuar ata a data límite para a presentación de solicitude de inclusión no plan. No suposto de que a solicitude se presente despois da data establecida, a concesión terá efectos tributarios no exercicio seguinte

Cando se produza a baixa dalgunha inscrición da matrícula, por troco de titularidade ou por outras causas, que impliquen a baixa de oficio, esta quedará automaticamente excluída do plan personalizado de pagos. Neste caso, para evitar que o importe dos pagos fraccionados supere o importe da liquidación definitiva dos recibos acollidos ao plan de pago, procederáase ao recálculo do importe dos cotas que resten por pagar .

CAPÍTULO III. DA TESOURERÍA MUNICIPAL

Artigo 16.- A Tesourería Municipal.

Constitúen a Tesourería Municipal todos os recursos financeiros, sexan diñeiro, valores ou créditos, tanto por operacións orzamentarias como extraorzamentarias, do Concello e dos seus Organismos Autónomos.

Artigo 17.- Réxime Xurídico.

A Tesourería Municipal se rexerá polo disposto no Capítulo II do Título VI do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, no Real decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da Administración local con habilitación de carácter nacional e no presente Regulamento.



Artigo 18.- Funcións da Tesourería.

18.1.- A función de tesourería comprende:

- a) A titularidade e dirección do órgano correspondente da entidade local.
- b) O manexo e custodia de fondos, valores e efectos da entidade local, de conformidade co establecido nas disposicións legais vixentes e, en particular:
 - 1. A formación dos plans, calendarios, e orzamentos de Tesourería, distribuindo no tempo as disponibilidades dinerarias da entidade para a puntual satisfacción das súas obrigas, atendendo ás prioridades legalmente establecidas, conforme aos acordos adoptados pola Corporación, que incluírán información relativa á previsión de pago a provedores de forma que se garanta o cumprimento do prazo máximo que fixa a normativa sobre morosidade.
 - 2. A organización da custodia de fodos, valores e efectos, de conformidade coas directrices sinaladas pola Presidencia.
 - 3. A realización dos cobros e pagos de conformidade co disposto na normativa vixente, no Plan de disposición de fondos e as directrices sinaladas pola Presidencia, autorizando xunto co ordenador de pagos e o interventor os pagos materiais contra as contas bancarias correspondentes.
 - 4. A subscripción das actas de arqueo.
- c) A elaboración dos informes que determine a normativa sobre morosidade relativa ao cumprimento dos prazos previstos legalmente para o pago das obrigas de cada entidade local.
- d) A dirección dos servizos de xestión financeira da entidade local e a proposta de concertación e modificación de operacións de endebedamento e a súa xestión de acordo coas directrices dos órganos competentes da Corporación.
- e) A elaboración e acreditación do período medio de pago a provedores da entidade local, outros datos estatísticos e indicadores de xestión que, en cumprimento da lexislación sobre transparencia e dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, sostenibilidade financeira, gasto público e morosidade, deban ser subministrados a outras administracións ou publicados na web ou outros medios de comunicación da entidade, sempre que se refiran a funcións propias da Tesourería.

18.2.- A función de xestión e recadación comprende:

- a) A xefatura dos servizos de xestión de ingresos e recadación.
- b) O impulso e dirección dos procedementos de xestión e recadación.
- c) A autorización dos pregos de cargos de valores que se entreguen aos recadadores, axentes executivos e xefes de unidades administrativas de recadación, así como a entrega e recepción de valores a outros entes públicos colaboradores na recadación.
- d) Ditar a providencia de apremio nos expedientes administrativos deste carácter e, en todo caso, resolver os recursos contra a mesma e autorizar a subasta de bens embargados.
- e) A tramitación dos expedientes de responsabilidade que procedan na xestión recadatoria.

Artigo 19.- Situación dos fondos.



Concello de Marín Ayuntamiento de Marín

1. Os fondos estarán situados nas entidades de crédito e aforro que operen en Marín coas que se concerte este Servizo.
2. So se poderán concertar coas entidades de crédito e aforro os servizos financeiros de tesourería de acordo co que se determina neste Regulamento e co que resulte do convenio a que se refire o apartado seguinte.
3. O Alcalde poderá subscribir convenios coas entidades de crédito e aforro, para determinar o réxime de funcionamento das contas en que se encontren situados os fondos do Concello ou dos seus organismos autónomos e, en especial, o tipo de interese ao que serán retribuídas, as comisións a pagar, no seu caso, os medios de pagamentos asociados ás mesmas entidades e as obrigacións de información asumidas polas entidades de crédito. Todo elo sen prexuízo dos casos que deban tramitarse conforme ás normas da Lei de contratos do sector público.
4. Será preceptivo o informe da Tesourería con anterioridade á subscripción do convenio. O trámite entenderase cumprido se o dito informe non se tivera emitido no prazo de dez días desde que se solicitase.

DAS CONTAS DA TESOURERÍA MUNICIPAL

SECCIÓN PRIMEIRA. AS CONTAS DA TESOURERÍA.

Artigo 20.- Contas da Tesourería Municipal.

1. Son contas da Tesourería Municipal todas as que teñan abertas o Concello e os seus Organismos Autónomos.
2. A Tesourería Municipal poderá operar coas seguintes clases de contas:
 - a) Contas operativas de ingresos e pagamentos.
 - b) Contas restrinxidas de recadación.
 - c) Contas restrinxidas de pagamentos.
 - d) Contas financeiras de colocación de excedentes de tesourería.
3. As contas autorizadas serán correntes. En ningún caso a entidade admitirá descubertos na conta.
4. En xeral os convenios e resolucións de autorización de apertura de contas establecerán que as mesmas contas non devenguen gastos nin comisións. Noutro caso, se producirán de acordo co establecido ou pactado.
5. Os fondos situados nas contas da Tesourería Municipal serán remunerados nos prazos e ao tipo de interese establecido en cada caso, de acordo coa resolución de autorización e as modificacións que puideran producirse. As entidades de crédito e aforro abonarán os intereses nas contas que os xeraron e comunicarán ao órgano xestor os datos relativos á liquidación, quedando en poder destes mentres non sexan requiridos pola Tesourería.



Concello de Marín Ayuntamiento de Marín

6. Se os órganos xestores das contas detectasen irregularidades nas liquidacións, se requirirá á entidade para que os subsane no prazo de quince días, asignando ao ingreso a fecha valor que lle corresponda. Se non se atendese o requirimento, se comunicará á Tesourería ao obxecto de que esta eleve ao titular da Área de Facenda proposta da adopción das medidas oportunas.

7. Sen prexuízo do anterior, as entidades de crédito remitirán á Tesourería información relativa ás liquidacións de intereses abonados, en soporte magnético ou mediante procedementos de banca electrónica.

8. En calquera caso, a Tesourería poderá solicitar información sobre os movementos e saldos, de calquera das contas de titularidade municipal ou dos Organismos autónomos.

Artigo 21.- Contas operativas de ingresos e pagamentos.

1. Son contas operativas de ingresos e pagamentos aquelas das que dispón o Concello e os seus Organismos Autónomos para situar os seus fondos en orde a cumprir as funcións encomendadas á Tesourería Municipal.

2. As contas operativas xirarán baixo a seguinte denominación: «Concello de Marín (ou Organismo Autónomo). Tesourería Municipal», podendo engadirse algunha expresión que reflicte o carácter mais concreto do contido de aquelas.

3. En todo caso, a disposición de fondos dunha conta operativa requirirá a sinatura mancomunada de tres claveiros: ordenador de pagamentos, tesoureiro e interventor.

4. Sen prexuízo do disposto no número anterior, as transferencias de fondos entre contas operativas dun mesmo órgano só requirirán a sinatura do correspondente Tesoureiro.

Artigo 22.- Contas restrinxidas de recadación.

1. Son contas restrinxidas de recadación as abertas en entidades autorizadas como colaboradoras da xestión recadatoria do Concello, nas cales os contribuíntes poderán efectuar os seus ingresos e que xirarán baixo a denominación «Concello de Marín (ou Organismo que corresponda). Tesourería Municipal. Conta Restrinxida de Recadación».

Así mesmo son contas restrinxidas de recadación as abertas en entidades financeiras que non teñan a natureza de colaboradoras e cuxa apertura teña por obxecto exclusivo recibir ingresos de carácter público non contemplados no apartado anterior, e que xirarán baixo a denominación de «Concello de Marín (ou Organismo que corresponda). Tesourería Municipal. Conta Restrinxida de Recadación (se concretará o recurso cuxo ingreso deba efectuarse na mesma conta, ou o órgano xestor do ingreso)». Estas contas se utilizarán exclusivamente para situar fondos que se deriven da propia actividade dos órganos xestores das mesmas actividades.

As entidades financeiras transferirán automaticamente a unha conta operativa do Concello (ou do Organismo autónomo que corresponda), os días 5 é 20 de cada mes o saldo existente ata esa fecha o unas condicións que se establezan nos oportunos convenios.



Artigo 23.- Contas restrinxidas de pagamentos.

1. Son contas restrinxidas de pagamentos as abertas en entidades de crédito co propósito exclusivo de atender a realización de pagamentos dunha mesma natureza. Estas contas xirarán baixo a denominación «Concello de Marín (ou Organismo que corresponda). Tesourería Municipal. Conta Restrinxida de pagamentos do ... (o concepto que corresponda)».
2. Os ingresos destas contas procederán exclusivamente de transferencias de fondos das contas operativas que terán que ser autorizadas pola sinatura de tres claveros: o ordenador de pagamentos, o tesoureiro e o Interventor.
3. As disposicións serán só para atender obrigas da natureza que xustificaran a apertura da conta, e serán autorizadas por un funcionario habilitado para elo.

Artigo 24.- Contas financeiras de colocación de excedentes de tesourería.

1. Son contas financeiras de colocación de excedentes de tesourería as abertas en entidades de crédito na que se situarán os excedentes das contas operativas que, por razóns excepcionais e en función das previsións de pagamento diarias, a Tesourería dispoña como consecuencia do procedemento establecido para a realización dos mesmos excedentes, co obxectivo da rentabilización de aqueles.
2. Estas contas xirarán baixo a denominación «Concello de Marín (ou Organismo Autónomo). Tesourería Municipal. Excedente de liquidez».
3. Estas contas estarán retribuídas a un tipo de interese maior que o das contas a que se refiren os artigos anteriores. Os intereses devengados se abonarán nesta conta e se cargarán pola entidade, con igual fecha de valoración, con abono á conta operativa de ingresos e pagamentos que se designe.
4. Os movementos destas contas deberán ser autorizados polo tesoureiro.

SECCIÓN SEGUNDA. PROCEDEMENTO E COMPETENCIAS.

Artigo 25.- Procedemento de Autorización de contas.

1. A autorización da apertura, modificación ou cancelación de calquera tipo de contas e a determinación das condicións do seu funcionamento en cada caso concreto, será competencia exclusiva do Alcalde ou Concelleiro delegado titular da Área de Facenda.
2. A solicitude de apertura, das contas corresponderá ao Tesoureiro.

Artigo 26.- Caixa Tesourería.



Concello de Marín Ayuntamiento de Marín

Os pagos que teñan que ser efectuados pola Corporación Municipal se efectuarán preferentemente por transferencia bancaria. En concreto, os acordos de devolución de fianzas e as indemnizacións por responsabilidades patrimoniais recoñecidas, que excedan dos 300 euros, se aboarán por transferencia bancaria. A estes efectos, os interesados deberán aportar, xunto coa resolución aprobatoria da devolución da fianza ou do recoñecemento da responsabilidade, ó número de conta no que se realizará o ingreso.

CAPITULO IV. REVISIÓN DE OFICIO.

Artigo 27.- Revogación dos actos de aplicación dos tributos e de imposición de sancións.

Polo procedemento e cos requisitos establecidos na Lei xeral tributaria, a Alcaldía, previa audiencia aos interesados por un prazo de 15 días, poderá revocar os actos administrativos en beneficio dos interesados cando se estime que infrinxen manifestamente a Lei, cando circunstancias sobrevenidas que afecten a unha situación xurídica particular poñan de manifesto a improcedencia do acto ditado, ou cando na tramitación do procedemento se producira indefensión aos interesados.

DISPOSICIÓN FINAL.

Esta ordenanza fiscal xeral entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

Detalle da data de aprobación da ordenanza e das súas modificacións		
Ano 2009	Aprobación definitiva	BOP nº 191 do 02/10/2009
Ano 2012	Modificación	BOP nº 175 do 11/09/2012
Ano 2014	Modificación	BOP nº 232 do 01/12/2014
Ano 2020	Modificación	BOP nº 174 do 09/09/2020

O texto da ordenanza transcrito é o da súa redacción vixente, integrada coas modificacións aprobadas polo Pleno da Corporación mediante acordo do día 11 de xuño de 2020 elevado a definitivo por non existir reclamacións, para rexer a partir do día 10 de setembro de 2020 (Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 174 do 09/09/2020).